- Inclusión, respecto e diversidade.
- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
9	Magnitudes proporcionais. Porcentaxes	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de proporcionalidade recoñecendo magnitudes directa e inversamente proporcionais e elaborando representacións de razóns e proporcións en relacións cuantitativas.	PE	80
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de proporcionalidade directa, inversa e composta calculando a constante de proporcionalidade e aplicando a extratexia apropiada (razón de proporcionalidade ou porcentaxes).		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando proporcións ou porcentaxes comunicando correctamente o proceso.		
CA1.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias (p. ex., tecnoloxía), recoñecendo a achega da proporcionalidade e/ou as porcentaxes ao progreso da humanidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo vocabulario específico básico.	TI	20
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Cando realiza un exercicio é capaz de interpretar o resultado, sabendo se ese resultado é incorrecto aínda que non saiba atopar o erro.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Repite as actividades incorrectas aceptando o erro e intentando non volver a cometelos		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Traballa ben en equipo axudando na resolución de problemas		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa activamente na aula, sae a pizarra e participa nos traballos da clase		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade. - Relacións. - Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente, atopando a súa situación exacta ou aproximada na recta numérica. - Razoamento proporcional. - Comprensión e representación de razóns e proporcións en relacións cuantitativas. - Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa, inversa e composta. Constante de proporcionalidade. Reparticións proporcionais. - Comprensión e utilización de porcentaxes na resolución de problemas. - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. - Inclusión, respecto e diversidade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
10	Números enteiros. Divisibilidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de operacións elementais, factorización e ordenación de números enteiros organizando os datos dados, representándooos e describindo a xerarquía correcta para a súa resolución.	PE	80
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de operacións combinadas de números enteiros aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo vocabulario específico básico.	TI	20
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Cando realiza un exercicio é capaz de interpretar o resultado, sabendo se ese resultado é incorrecto aínda que non saiba atopar o erro.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Repite as actividades incorrecta aceptando o erro e intentando non volver a cometelos		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Traballa ben en equipo axudando na resolución de problemas		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa activamente na aula, sae a pizarra e participa nos traballos da clase		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cantidade.

Contidos

- Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.
- Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números enteiros, fraccionarios e decimais, incluída a recta numérica.
- Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou raíz).
- Sentido das operacións.
- Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.
- Relacións.
- Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente, atopando a súa situación exacta ou aproximada na recta numérica.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.
- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.
- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.
- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
11	Potencias e raíces	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas con potencias e raíces, cas súas propiedades e cas súas operacións organizando os datos dados e describindo a xerarquía correcta para a súa resolución.	PE	80
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de operacións combinadas con potencias e raíces aplicando a xerarquía das operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo vocabulario específico básico.	TI	20
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Cando realiza un exercicio é capaz de interpretar o resultado, sabendo se ese resultado é incorrecto aínda que non saiba atopar o erro.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Repite as actividades incorrectas aceptando o erro e intentando non volver a cometelos		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Traballa ben en equipo axudando na resolución de problemas		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa activamente na aula, sae a pizarra e participa nos traballos da clase		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade. - Uso das potencias de expoñente natural e enteiro. Transformación e simplificación de expresións con potencias. Notación científica. - Interpretación de números grandes e pequenos, recoñecemento e utilización da notación exponencial e científica e o seu uso na calculadora. - Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou raíz). - Sentido das operacións. - Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente. - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
12	Fraccións e decimais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de operacións e ordenación de fraccións e números decimais organizando os datos dados, representándoos e describindo a xerarquía correcta para a súa resolución.	PE	80
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas.	Resolve problemas de operacións combinadas de fraccións e decimais aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema dado da vida cotiá en cuxa resolución se utilicen fraccións ou decimais modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo vocabulario específico básico.	TI	20
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Cando realiza un exercicio é capaz de interpretar o resultado, sabendo se ese resultado é incorrecto aínda que non saiba atopar o erro.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Repite as actividades incorrecta aceptando o erro e intentando non volver a cometelos		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Traballa ben en equipo axudando na resolución de problemas		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa activamente na aula, sae a pizarra e participa nos traballos da clase		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade. - Realización de estimacións coa precisión requirida. - Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números enteiros, fraccionarios e decimais, incluída a recta numérica. - Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou raíz). - Sentido das operacións. - Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas. - Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente. - Relacións. - Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente, atopando a súa situación exacta ou aproximada na recta numérica. - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. - Inclusión, respecto e diversidade.

Contidos

- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaránse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilizade dos contidos tratados. Para conseguilo, introducíranse os contidos a partir de situacións problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

Fomentarase a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida

Nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos

Fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos

A diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaránse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método titorial

A idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo

As preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

- **Actividades iniciais**

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

- **Actividades de desenvolvemento**

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

- **Actividades de reforzo e ampliación**

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

- **Actividades de avaliación**

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de Eva Edixgal
Caderno da/o alumna/o
Ordenador Edixgal
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de ampliación (só no caso de alumnado que o precise)
Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo)
Dotación da aula (encerado dixital (2ºA) pupitres, encerado, xogo de corpos xeométricos..)
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra,, photomath..)

As clases tanto de 2º ESO A como de 2º B desenvolveranse fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con panel dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Os ordenadores Edixgal veñen dotado do software necesario para a realización das clases.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	20	6	6	3	10	10	7	7
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	9	100
Proba escrita	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20

Criterios de cualificación:

Sempre tendo en conta que a avaliación do alumnado será continua ao longo de todo o curso, realizaranse varias postas en común con todo o profesorado:

- 1.- Unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida. A principios de curso, durante as últimas semanas de setembro, cada profesor, no seu grupo, realizará unha proba escrita para ver o punto de partida do alumnado. Nesta avaliación decidirse, de ser o caso, que alumnos son susceptibles de necesitar adaptacións curriculares ou reforzos, ademais de valorar se, en conxunto, resulta convinte afondar ou pararse de maneira significativa nalgún tema concreto.
- 2.- Tres avaliacións parciais, para determinar se o alumnado vai acadando os obxectivos correspondentes a esa avaliación . E todo iso despois de:
 - a.- Valorar a observación directa do seu traballo diario, da súa participación na aula, do seu caderno da materia e da súa actitude de cara á materia.
 - b.- Valorar os resultados dos exercicios e traballos individualizados e en grupo propostos.
 - c.- Valorar os resultados das probas escritas previstas.
- 3.- Unha avaliación extraordinaria en xuño, por medio dunha proba escrita, para o alumnado que non superase

algunha avaliación despois das probas ordinarias e as recuperacións correspondentes.

A avaliación levarase a cabo de forma continua durante todo o proceso educativo mediante a observación diaria das tarefas (o grao de consecución, rigor, participación, interese amosado cara a materia,...) e a realización de probas específicas. Contaremos cos seguintes instrumentos de avaliación:

Probas escritas globais (exames):

En dúas ocasións por trimestre o profesorado deseñará probas escritas que abranguerán unha cantidade ampla de criterios de avaliación, con datas de realización fixadas previamente co alumnado e que serán corrixidas segundo estes criterios xerais:

1.- Non é necesario responder as preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio que se está a facer, sen intercalar respostas doutros exercicios.

2.- A ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero se soamente se achega a solución numérica sen ningunha explicación. Reciprocamente, aínda que o resultado non sexa correcto, terase en conta a presentación e o desenrolo do problema.

3.- A cualificación de cada proba será un valor numérico de 0 a 10, podendo levar decimais.

4.- Dependendo dos criterios de avaliación a valorar permitirase ou non o uso da calculadora ou doutros medios dixitais.

5.- A incomparecencia non debidamente xustificada a un exame significará a obtención da cualificación máis baixa na proba. Pola contra, no caso de non poder asistir a un exame por un motivo xustifico, o profesor, se a temporalización o permite, establecerá outra data para facelo. No caso en que non sexa posible repetir o exame antes das sesións de avaliación o profesor avaliará ao alumno segundo as notas xa coñecidas.

Traballos específicos

Ao longo do curso poderase solicitar ao alumnado, tanto individualmente como en grupos, a realizacións de traballos específicos sobre os temas do currículo que se estean traballando, e que poderán ter como produto final un traballo presentado en papel ou en soporte informático (presentacións dixitais, follas de cálculo, traballos con aplicacións específicas), ou unha exposición na clase cara os compañeiros.

Nestes traballos o alumnado coñecerá de antemán a rúbrica coa cal o profesorado realizará a corrección.

Actividades diarias. Notas de Clase.

Na avaliación do traballo diario na aula contaremos cos seguintes instrumentos:

Probas específicas. Pequenas probas escritas ou orais nas que avaliarase o un ou varios criterios.

- Saídas á pizarra. Nas que o alumnado deberá resolver algún exercicio ou explicarlle ao resto algún aspecto teórico que se refira aos contidos traballados.

- Actividades na aula realizadas baixo soporte dixital. Nelas valorarase a destreza no uso da calculadora e os progresos na utilización de aplicacións específicas que resulten de utilidade na nosa materia.

- Observación directa. Valorarase o traballo do alumnado fora das horas lectivas a través do caderno de clase ou da realización de pequenos traballos específicos para presentar por escrito ou en formato dixital. Do mesmo xeito valorarase o traballo diario na aula, para o que se terá en conta a orde, o interese e a disposición para aprender mediante as tarefas que se propoñan.

Obtención das cualificacións

Para o cálculo da nota final a avaliación de xuño terase en conta a notadas avaliacións trimestrais, que poderá ter decimais, aínda que nas actas e nos boletíns este expresado mediante un número natural . A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

A nota de cada avaliación obterase seguindo:

1ª Avaliación

Exame 1 (Ex A): Materia vista

Exame 2 (Ex B): Toda a materia da 1a avaliación

$N1$ (nota dos exames) = $(A+2*B)/3$

$NC1$ = nota de clase da 1a avaliación (ata 2 puntos)

Nota EV 1 = $N1 \cdot 0,8 + NC1$ (a nota dos exames multiplícase por 0,8 por ser o 80% da nota)

2ª Avaliación

Exame 1 (Ex C): Materia vista

Exame 2 (Ex D): Toda a materia da 2ª avaliación

$N2$ (nota dos exames) = $(C+2*D)/3$

$NC2$ = nota de clase da 2ª avaliación (ata 2 puntos)

EV 2 = $N2 \cdot 0,8 + NC2$ (a nota dos exames multiplícase por 0,8 por ser o 80% da nota)

3ª Avaliación

Exame 1 (Ex E): Materia vista

Exame 2 (Ex F): Toda a materia da 3ª avaliación

$N3$ = $(E+2*F)/3$

$NC3$ = nota de clase da 3ª avaliación (ata 2 puntos)

$EV\ 3 = N3 \cdot 0,8 + NC3$ (a nota dos exames multiplícase por 0,8 por ser o 80% da nota)

A nota de clase obterase a través de pequenas probas escritas que se realizarán na aula, de boletíns de repaso para cada examen que deben entregar a través de EDIXGAL, e tamén se terá en conta o traballo que realiza o alumnado na súa casa.

TODO BOLETÍN OU TRABALLO ENTREGADO FORA DE PRAZO CALIFICARASE CON 0.

Criterios de recuperación:

Ao finalizar a primeira e segunda avaliación o alumnado que non obtivese nota maior ou igual a 5 terá a posibilidade de recuperar mediante unha proba escrita e un boletín de exercicios. A nota do examen suporá un 80% e o boletín un 20%.

O alumnado que superou a avaliación e así o desexe poderá presentarse de forma voluntaria a subir nota. Presentarase nas mesmas condicións que o alumnado que ten que non superou a avaliación. De non subir nota, tomarase sempre a máis beneficiosa para o alumnado.

TODO BOLETÍN ENTREGADO FORA DE PRAZO SERÁ CALIFICADO CON 0

Cando un alumno non aprobe unha avaliación, despois da recuperación o profesorado deberá facerlle un reforzo na materia coas medidas que considere oportunas: cambio de situación na aula, boletíns con exercicios de reforzo, reunións coas familias...etc

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado coa materia de Matemáticas de 2º ESO terá o seguinte plan de recuperación:

Durante cada trimestre facilitaráselle fichas que deberá entregar a súa profesora nas datas indicadas. Para a realización destas actividades a profesora axudará ao alumnado sempre que este llo solicite e ademais os xoves, durante o primeiro recreo, poderá acudir á aula da profesora para resolver dúbidas, recibir explicacións... etc

Ó finalizar cada trimestre realizarase unha proba escrita, con exercicios similares aos traballados nestas fichas. As fichas entregadas fora de prazo serán puntuadas con 0.

A asistencia e aproveitamento os xoves no primeiro recreo valorase de xeito positivo na avaliación.

NOTA AVALIACIÓN : A nota da avaliación da materia pendente obtense a partir do 20% nota das fichas + 80% nota proba escrita.

A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

No caso de que dita media sexa inferior a 5, terá a posibilidade de recuperar a materia nun exame final que se realizará durante o mes de xuño no que entrará toda a materia.

Se o alumno ou a alumna aproba a materia do curso no que estea matriculado, automaticamente aprobaría a materia dos cursos anteriores.

Por outra banda, a docente estará a disposición do alumnado en cada recreo previa solicitude, agás no caso de que a docente teña garda.

6. Medidas de atención á diversidade

A mesma definición do proxecto curricular e das súas concrecións curriculares constitúe unha medida de atención á diversidade. Por outra banda, o seu desenvolvemento nas programacións didácticas e nas unidades didácticas xerará un conxunto de propostas que favorezan a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións dos alumnado, ao tempo que respectan sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias básicas e dos obxectivos de cada curso e de cada etapa.

O primeiro paso será a detección e identificación das dificultades ou necesidades educativas especiais que observe o profesorado ou o departamento de Orientación; logo será o departamento de Orientación, en virtude da súa especialización, a que deseñe, en colaboración coas docentes do departamento de Matemáticas implicadas, as medidas que se consideren efectivas para a superación destas dificultades, que serán documentadas para poder facer un seguimento das mesmas.

Inmediatamente despois do deseño das actuacións que se consideren adecuadas para a superación das dificultades detectadas, os membros do departamento de Matemáticas actuarán en consecuencia, seguindo as pautas deseñadas polo departamento de Orientación, e en coordinación co resto dos departamentos didácticos segundo as directrices da Xefatura de Estudos. Cabe destacar que en 2º de ESO hai 10 alumnos ou alumnas con protocolo de TDAH, 5 alumnos ou alumnas aos que lle aplicar protocolo para intervención psicoeducativa da Dislexia e outras dificultades específicas de aprendizaxe, un alumno ten discapacidade visual e tres con protocolo TEA.

Dado o elevado número de alumnado con necesidades en 2º de ESO, a outra profesora de Matemáticas entrará como docente de apoio, en dúas das sesións de cada grupo,

Ademais, o centro conta cunha docente de Pedagogía Terapéutica que realizará labores de apoio, en caso que o departamento de Orientación en colaboración co Departamento de Matemáticas o consideren necesario e o resto das necesidades do centro estean cubertas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X

Observacións:

1. Comprensión da lectura e expresión oral e escrita Observación: serán traballadas de xeito habitual a través dos materiais utilizados na aula (boletíns de exercicios, caderno de traballo, realización de probas e traballos para entregar,...) e das intervencións do alumno (ben sexa realizando preguntas relativas ás explicacións da/o docente, ou coa explicación da resolución de tarefas no encerado ou coa exposición de traballos).
2. A comunicación audiovisual e a competencia dixital Observación: O uso da plataforma Moodle do Eva Edixgal e das novas tecnoloxías utilizando aplicacións web como Geogebra e outras ferramentas dixitais (follas de cálculo, editores de texto, editores de presentacións...).
3. O emprendemento social e empresarial Observación: propoñeranse tarefas de ampliación e alternativas que busquen fomenten a creatividade e a autonomía persoal do alumnado.
4. O fomento do espírito crítico Observación: o espírito crítico é tratado de forma xenérica diariamente na aula. A resolución de problemas lévanos inevitablemente a esta forma de proceder, as propostas alternativas ou de mellora a unha solución dada, fomentan o espírito crítico.
5. A educación emocional e en valores Observación: os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída para a participación en Imatxina	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.		X	
Participación nas Olimpíadas matemáticas	Proporase ao alumnado a participación na olimpíada matemática organizada pola AGAPEMA	X	X	X

Observacións:

Preparanse actividades para celebrar o día de PI, 14 DE MARZO , O día da NENA E DA CIENCIA 11 de febreiro e o día DA MULLER , 8 de marzo.
Calquera outra actividade que se plantexe durante o curso e que as docentes estimen poida ser interesante para o alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes

Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Clima de traballo na aula
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado
Outros
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto **156/2022** no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

9. Outros apartados

1. Non hai nada que añadir